



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PRIMERA DE SOCORROS MUTUOS DE MONTEVIDEO (URUGUAI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DESTINADO ÁS PERSOAS DE ORIXE GALEGO E AOS SEUS DESCENDENTES RESIDENTES EN MONTEVIDEO (URUGUAI).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación española primera de Socorros Mutuos de Montevideo (Uruguai) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2020.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración para a concesión da axuda á entidade Asociación Española Primera de Socorros Mutuos, co fin de contribuír á atención das necesidades socio sanitarias daquelas persoas de orixe ou ascendencia galega, con nacionalidade española e residentes en Montevideo (Uruguai) que se atopen en situación de carencia ou xubilación, con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto, sustentada en razóns de interese público e humanitario.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na República Oriental do Uruguai, reside unha gran colonia formada por persoas de orixe galega e os seus descendentes, que pola súa situación carencial, están a sufrir unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A Asociación Española Primera de Socorros Mutuos é unha institución mutualista fundada en Montevideo o 25 de setembro de 1853, co obxectivo de crear un fondo común destinado a socorrer aos asociados nela inscritos, nos casos de enfermidade, outorgándolles asistencia médica completa. Na actualidade o número total de socios supera os 174.000, dos cales un número moi relevante son españois de orixe galega.

Actualmente conta cun hospital de 26.500 m², con 452 camas de dotación, así como catro sedes secundarias, cinco policlínicas e catro unidades de internación extramuros nos que se presta asistencia sanitaria a unha importantísima porcentaxe da poboación uruguia e, en especial, á colonia galega residente nese país.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que esteo efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.





A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c). da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público , ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

